

## Notas ao ruído de trens – diálogo

*Fene, 9 de xaneiro de 2015*

A min, polo xeral, resúltame ben difícil falar de poetas e de poesía. Por iso o que lles quería propoñer é unha sorte de diálogo co libro, un **paseo** polas vías do tren da man do seus sons. E estou segura de que Eduard vai perdoarme que colla os seus versos e os fusile, que os vaia diseccionando cunhas tesoiras xigantes ao meu xeito, sen gardarlles moito respecto.

Cóntolles que entrei en diálogo co *Ruído de trens* desde antes de que fose escrito ou polo menos, de que tivese vontade de ser. Tiven a sorte, a sorte enorme de que o libro fose chegando a min segundo foi nacendo. Foi un **parto prolongado no tempo** moi ao xeito das antigas novelas por entregas. Devorei cada poema coa memoria vaga do anterior naquela primeira lectura. E souben, desde a primeira liña, desde o primeiro verso, que ese libro -que aínda non era libro no momento no que eu o comecei- falábame a min, á lectora.

Fíxense nestes versos cos que nos recibe o libro:

*“resulta que escribo de amor a estas alturas.*

*Fago poemas de amor e ódioos porque amo”*

O poema sabe como me sinto e fálame directamente, sen intermediarios. O poeta é, no momento da lectura, só unha presenza abstracta. Non é que queira matar ao poeta. Do que se trata é de que no poema estamos soas, o poema e a lectora.

O que quero dicir é que este libro ten esa capacidade asombrosa de falarlle **de ti a ti** a quen le.

Teño tamén a inmensa sorte de coñecer gran parte dos escenarios que atravesan os poemas, e non só dos escenarios senón tamén e sobre todo algunhas das persoas que dalgún xeito inspiraron e van cruzando o ruído de trens. E con iso na cabeza comezo este **paseo funambulista**, intentando poder dicir algo diferente do que xa teñen dito o editor e o prologuista, e do que vai dicir, hoxe e cada vez que fale deste libro, o autor. A ver se consigo levalos da man comigo por este paseo e que lles preste.

Pensen no ruído dos trens. O ruído dos trens esvara polas aldeas e polas cidades. Se este é un libro de amor, que diso non teño dúbida ningunha, eu defendo que se trata dun libro de amor ao lugar. Aos **lugares unidos e separados** polas vías: a aldea que non é propia, a estrada á que van morrer os ourizos, o chan no que cai o sangue da ferida da amante.

O amor é un **territorio**, un lugar físico. É un coitelo que esvara da man co seu gume afiado e vai cravarse na carne. O amor é un poema que non pode evitar falar de amor. E de fondo, como banda sonora, o ruído leve, un pouco afastado, harmonioso, dos trens vellos. De fondo, o rumor do camión do leite que fai tremer de madrugada as trabes vellas da casa de Cereixa.

Os lugares superpóñense uns aos outros, como capas de pintura. Nese lenzo, como lle chama o poeta á vida, debuxamos os nosos pasos, diluídos na corda frouxa que se estende inevitable entre a aldea e a cidade. Entre as aldeas e as cidades.

O poeta, que non é de ningures -ou polo menos non nolo di- bucea dun lado a outro, mentres somerxe a cara no ventre redondo da súa amante, que vai canda el por eses lugares, tatuándose ela tamén nese lenzo. Claro, como **o poeta non sabe facer outra cousa que amar**, por iso o libro non pode falar doutra cousa que non sexa o amor. Pero un amor nun sentido tan amplo que precisaríamos de horas, de días, para dar falado de todo el, para abranguelo por completo.

O poema non deixa de falar-me a min, á lectora que son. Dime:

*“con ela (coa vida) o poema como barco”*

E eu que non sei falar de poetas nin de poesía, falo dos **sons** que acompañan os barcos e os trens. O riscar das sabáns na madrugada, a televisión que atrona nun bar. O bufar dunha gata desde un recanto do cuarto.

Vou collendo retallos do libro e falo do **recendo** do pastel que acaba de saír do forno, da canela, que non ten recendo a canela, que só ten o corpo da canela. O cheiro dos corpos que se perden un no outro durante a noite.

Falo do **sabor** do sangue da amante, que borbolla polo corte que deixou tras de si o coitelo. A mestura do azucre co vinagre. O bravío do mar de Arousa durante o naufraxio.

Falo do **frío** das memorias de vella, e tamén a calor de *“todas as peles que forman a memoria”*. *“Todas as peles que forman a memoria”*, di o poema. Non me canso de repetir: *“Todas as peles que forman a memoria”*.

E falo, claro, das **cores** da paisaxe gris da cidade. O Atlántico que lambe as praias de Lisboa. Falo da paisaxe viva da aldea do interior, que non ten mar. Da negrura que só se interrompe polos faros do camiión do leite. Da varanda azul, azul intensa, do corredor da casa de Cereixa que racha coa monotonía da pedra e da herba seca da palleira.

O *Ruído de trens* é un libro de amor e de carne **sen medida**. *“Pero o amor cométese despois xusto do crime”*, di o libro. O poeta sai á rúa no medio da noite vestido só co ruídos dos trens, movido única e absolutamente polo instinto e a necesidade.

Será que a natureza está por riba da cultura?, pregúntase el. Ou é que en verdade, pregúntolle eu, o poeta é o último dunha estirpe de mamíferos?

Sexa como for, convídoos a que xulguen por si mesmas, continuando o paseo polas vías do ferrocarril que nos regala Eduard Velasco. Convídoas a que abran o libro e déixense mexer en cada un dos versos, en cada poema, polo ruído dos trens.

E sobre todo, desfrúteno.

**Lara Dopazo Ruibal**